

Conexións

Sitio: [Plataforma de Teleformación Galega](#)
Curso: G2401141 - Módulo ECO. Paneis dixitais interactivos
Libro: Conexións

Impreso por: María Montserrat Iglesias Rivera
Data: xoves, 27 de marzo de 2025, 9:15 AM

Táboa de contidos

[Configuración da saída de audio do panel \(minijack Audio OUT\)](#)

[Configuración da saída HDMI OUT do panel](#)


Configuración da saída de audio do panel (minijack Audio OUT)

No caso de que o profesorado queira facer uso de auriculares, simplemente deberá conectar un cable minijack á saída AUDIO OUT do panel.


A partir dese momento, o son saírá polos auriculares de xeito automático e non polos altosfalantes do panel.

Desconectando os auriculares da saída Audio OUT, o son reproducirase novamente a través dos altosfalantes integrados no panel.

Aínda que é posible configurar o comportamento e ter opcións diferentes de saída de son, recoméndase a configuración por defecto:



Ou se está actualizado:



Debes ter en conta que ...

En caso de modificación da configuración anterior, deberás cambiar a configuración da saída do son a Altofalantes para recuperar o son a través dos altosfalantes do panel.

Configuración da saída HDMI OUT do panel

Dado que o panel interactivo realiza simultaneamente as funcións de videoproxector, pizarra dixital e ordenador (ben con Android ou ben co módulo OPS), a configuración típica dunha aula na que a mesa do profesor está a carón da pantalla pode non acomodarse ás necesidades habituais de traballo nunha clase, onde habitualmente o profesor dispón dun monitor no que pode espellar a imaxe proxectada sen necesidade de estar situado fisicamente enfronte do panel.


Para estes casos, pode resultar práctico conectar un monitor á saída **HDMI OUT** do panel, de xeito que o profesor desde a súa mesa poda ver e escoitar o que está proxectando de xeito cómodo e sen necesidade de desprazarse. Convén ter en conta as seguintes consideracións:

- O monitor a conectar debe ter **entrada HDMI**.
- Recoméndase que a resolución do monitor sexa **FULL HD (1080p)**, correspondente a un formato de visualización de alta definición 16:9 cunha resolución 1920x1080px, para evitar posibles distorsións na duplicación do sinal de vídeo.
- O emprego dun monitor externo permite duplicar a visualización da pantalla do panel no monitor tanto en modo Android como en modo OPS, **sen posibilidade de traballar en modo estendido** en ningún caso.
- Dado que o cable HDMI transporta tanto sinal de audio como de vídeo, se o monitor dispón de altosfalantes será posible escoitar tamén o son no propio monitor con independencia dos altosfalantes do panel. Se non dispón de altosfalantes, unicamente será posible visualizar a imaxe.

CONFIGURACIÓN DA SAÍDA HDMI OUT

Menú **Configuración > Sistema > Entrada e saída > Configuración do visor da fonte externa > Formato de saída HDMI**

- Recoméndase a configuración da imaxe FULLHD- 1920x1080px (60Hz): **1080_60Hz**



Debes ter en conta que...

O emprego de monitores externos conectados á saída HDMI OUT do panel permiten reflectir a modo de espello a imaxe da fonte de entrada seleccionada (Android ou OPS) no monitor, non sendo posible a configuración en modo estendido.

No caso do OPS recoméndase cambiar a resolución a FULLHD (1080p) en lugar de 4K.

Con independencia do anterior, é posible traballar co módulo OPS en modo estendido, conectando a saída HDMI específica do OPS ao monitor (Non confundir coa saída HDMI OUT do panel, que dá servizo tanto ao Android como ao OPS).

